

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	8	8	8	8	8	8	7	7	7	7
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	7	7	10	100
<b>Proba escrita</b>	100	100	0	90
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	100	10

### Criterios de cualificación:

En cada avaliación realizarase un mínimo de dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. O 90% da nota da avaliación estará conformado pola media aritmética das probas escritas. O 10% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade 13 que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán: - Os traballos propostos (individuais ou cooperativos) - O caderno de aula - As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan - A observación diaria na aula.

A nota final do curso obterase como a media aritmética das notas das tres avaliacións.

Para puntuar as probas escritas terase en conta:

- A expresión e a ortografía. Podendo rebaixar a puntuación ata un máximo de 0´25 puntos.
- A simplificación en cálculos e expresións matemáticas cando sexa posible. Podendo rebaixar a puntuación ata un máximo de 0´5 puntos.
- A utilización do procedemento matemático correcto, acompañado de explicación, na resolución de problemas. Podendo rebaixar a puntuación ata un 0´5 puntos.

### Criterios de recuperación:

Cada alumna/o que non supere unha avaliación terá a oportunidade de recuperala ao inicio da seguinte avaliación a través dunha proba escrita baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación. Unha nota igual ou superior a 5 puntos na proba escrita significará que esa avaliación estará superada. No caso de obter unha valoración negativa, poderá realizar outra proba escrita xusto antes da avaliación final.

Ao longo do curso realizaranse exercicios nos que, ademais dos contidos correspondentes as unidades explicadas nese momento, se traballen os contidos non superados. Os alumnos poderán resolver as dúbidas pendentes, durante as horas de clase ou ben durante os recreos.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que teña unha materia pendente dos cursos anteriores será obxecto dun seguimento mediante actividades propostas para entregar de xeito trimestral coas que se traballará a materia de cara á preparación dunha proba escrita final.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Cada alumno constrúe as aprendizaxes en función das súas características individuais ou persoais, tales como os coñecementos previos, a organización da información que ten, intereses, capacidades, ritmo de aprendizaxe, etc. O ensino debe atender ás diferenzas e á diversidade ao mesmo tempo que se garante a adquisición dun currículo común e a igualdade de oportunidades.

A atención a diversidade debe entenderse como un conxunto de medidas educativas planificadas que posibiliten a máxima socialización e a adquisición das aprendizaxes que favorezan o desenvolvemento e a formación do alumnado.

Algunhas das medidas que se poderán tomar son:

- ¿ Establecer secuencias de contidos que aseguren as aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.
- ¿ Propoñer actividades de ensino-aprendizaxe diversificadas e con diferentes niveis de dificultade.
- ¿ Establecer agrupamentos que posibiliten aprendizaxes cooperativas, facilitando traballos en parellas e favorecendo a titoría entre iguais.
- ¿ Ter en conta a colocación na clase dos alumnos que teñen algunha dificultade especial.
- ¿ Ofertar diferentes tempos na realización das actividades e tarefas en función dos ritmos de aprendizaxe dos distintos alumnos. No caso particular de alumnos con TDHA, TEA, dislexia, máis tempo nas probas escritas, preguntas separadas e lectura do exame.
- ¿ Propoñer actividades abertas onde todos os alumnos poidan acadar algunha meta máis ou menos complexa dependendo da súa capacidade.
- ¿ Utilizar recursos e materiais diferenciados, gráficos, audiovisuais, manipulables, que contemplan os distintos estilos de aprendizaxe dos alumnos.
- ¿ Incluír actividades de reforzo para aqueles alumnos que non seguen o ritmo dos compañeiros.
- ¿ Preparar actividades de recuperación para aqueles alumnos que non teñan acadado os obxectivos ao finalizar a secuencia.
- ¿ Propoñer actividades de ampliación para aqueles alumnos cun ritmo de aprendizaxe maior ou con maior capacidade de aprendizaxe.
- ¿ Atención ao alumnado con NEAE. Para que este alumnado poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e conseguir os obxectivos educativos previstos, traballarase en coordinación co Departamento de Orientación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais